

Modificación das Bases reguladoras do Marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas	
Obxecto	Modificar as bases reguladoras para dar resposta ás necesidades de liquidez das microempresas, especialmente afectadas pola crise do COVID-19, introducindo unha nova liña de financiamento "Microcréditos COVID-19", coas seguintes características principais.
<i>"Microcréditos COVID-19"</i>	
Modalidade de axuda	Axuda en forma de garantía. Reaval ante SGR. Subsidiación ao tipo de xuro, para que ao beneficiario lle resulte a tipo 0%.
Beneficiarios	Microempresas, incluídos os autónomos, cuxas actividades se atopen afectadas polo actual brote de COVID-19.
Condicións	<p>a) Tipo de operación e importe: préstamos avalados de entre 3.000€ e 20.000€.</p> <p>b) Prazo: O prazo máximo do préstamo a avalar será de 5 anos, incluíndo 1 ano de carencia, como máximo.</p> <p>c) Tipo de xuro: O tipo de xuro nominal anual que poderán cobrar as entidades de crédito para as operacións de préstamo previstas nesta liña será fixo, cun máximo do 1,50%.</p> <p>O Igape subvencionará a fondo perdido un importe equivalente á suma dos xuros dos préstamos concedidos ao abeiro desta modalidade.</p> <p>d) Comisións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A entidade de crédito poderá cobrar unha comisión máxima de apertura e/ou estudo do 0,60%. • A SGR poderá cobrar unha comisión de aval máxima do 0,50% anual, calculada no momento inicial para a toda a vida do préstamo, susceptible de inclusión no financiamento avalado. Así mesmo, os beneficiarios deberán facer unha aportación ao capital da SGR de ata o 4% do capital avalado, que será reintegrable unha vez remate a relación coa SGR. <p>e) Garantías: A garantía a favor das entidades de crédito será o aval da SGR adherida ao convenio, polo 100% do risco.</p> <p>As contragarantías a favor da SGR consistirán no reaval do Igape en cobertura de ata o 25% do risco, e como garantía adicional poderán requirir garantías persoais, pero en ningún caso depósitos de activos líquidos ou financeiros que poidan detraer liquidez da empresa. As SGR tamén poderán contar con reavais e achegas de organismos públicos e outros dependentes da Administración.</p>
Destinos do préstamo	<p>1) Un mínimo do 35 % do seu principal será aplicado ao pagamento dos seguintes conceptos de gasto: pagamentos a provedores de mercadorías, materias primas e aprovisionamentos; pagamentos a acredores por prestación de servizos, arrendamentos e/ou subministracións; pagamento de nóminas e seguros sociais; gastos financeiros operativos; pagamento de impostos e primas de seguros en cobertura de riscos asociados á actividade empresarial.</p> <p>2) Un máximo do 65 % poderá ser aplicado á cancelación de débedas bancarias e outros conceptos, sempre e cando correspondan a algunha das seguintes modalidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Pagamento de cotas de préstamos, leasing e/ou renting vencidas ou que venzan durante os tres meses seguintes á data de formalización. – Pagamento de saldos dispostos de pólizas de crédito, sempre que estas incrementen o seu dispoñible na contía da aplicación do préstamo a esta finalidade, e se manteñan abertas ata o seu vencemento. – Débedas bancarias vencidas, cuxo vencemento se producise con posterioridade ao 1 de marzo de 2020. – A comisión do aval, así como as achegas ao capital das sociedades de garantía recíproca.

Prazo solicitudes	Dende a publicación no D.O.G. da modificación das Bases ata o 30 de outubro de 2020.
Compatibilidade	Compatibles con outros apoios. A garantía en forma de reaval e a subsidiación dos xuros terán a consideración de axuda <i>minimis</i> .
Volume	Establécese un límite máximo total de operacións financeiras de 50.000.000€, avaladas polas SGR ao 100%, é dicir, nun importe máximo de 50.000.000€, cun límite máximo de reavais do Igape ante as SGR de 12.500.000€.
Outras particularidades	As microempresas poderán apoderar ás entidades colaboradoras para tramitar a súa solicitude ante Igape, e redúcense os prazos máximos establecidos ás SGR e Entidades de Crédito para a aprobación de operacións.
Dotación orzamentaria	<p>a) Dotaranse provisións polo importe máximo de 1.250.000€ para atender posibles fallidos nos reavais concedidos ante as Sociedades de Garantía Recíproca, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.8900 para o exercicio 2020.</p> <p>b) Para as compensacións económicas ás SGR, os créditos dispoñibles nesta convocatoria ascenden a 2.500.000€, na partida orzamentaria 09.A1.741A.7700, cun importe de 1.250.000€ para o exercicio 2020 e 1.250.000€ para o exercicio 2021.</p> <p>c) Para a subsidiación ao tipo de xuro, os créditos dispoñibles nesta convocatoria ascenden a 2.300.000€, na partida orzamentaria 09.A1.741A.7700, con un importe de 300.000€ para o exercicio 2020 e 2.000.000€ para o exercicio 2021.</p>